

Apoderamento lingüístico. Ferramentas desde a Educación Social

A Educación Social na Galiza do s. XXI non pode ser allea ao proceso de perda de falantes da lingua galega. Debe reflexionar e colaborar con outras disciplinas na análise das causas e na construción de respostas innovadoras coas que revertir esa tendencia e promover a activación de novas falantes para a nosa lingua. Con este obradoiro pretendemos contribuír á reflexión colectiva a través de contidos e metodoloxías que faciliten a toma de consciencia sobre as posibilidades e responsabilidade da Educación Social como axente activo na reparación e normalización social da lingua.

Programa

Módulo I

Lingua e Educación Social
Conceptos sociolingüísticos básicos
Diversidade e ecoloxía lingüística
Referentes de intervención lingüística no ámbito socio-educativo

Módulo II

Diversidade e dinámicas de poder
Interseccionalidade das opresións
Prexuízos e estereotipos lingüísticos

Módulo III

Violencia e trauma lingüístico.
Historias lingüísticas
Xestión emocional do conflito lingüístico

Módulo IV

Propostas de intervención innovadoras. Intelixencia colectiva para a activación de falantes

Metodoloxía

Ofreceranse breves explicacións teóricas, coas que compartir un mesmo marco conceptual de referencia, con dinámicas e metodoloxías que favorezan a intelixencia e creación colectiva. O obxectivo é xerar un espazo de aprendizaxe nun clima de confianza para que, a través do diálogo e a experimentación, as persoas participantes sexan parte central da construción do coñecemento. Empregaremos diferentes linguaxes: intelectual, vivencial ou artística para acoller a diversidade de formas de comunicarse e aprender.

Imparte

Andrea Rico Adegá. Educadora social, pedagoga e socia de Rexenerando S Coop

